



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

EXPEDIENTE:2023/E001/000014 (Relacionado con 2022/E001/000014)

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS, DE 2 PRAZAS DE CONSERXE-LIMPADOR/A, GRUPO V, NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE DODRO, INCLUÍDO NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022.

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Advertido erro na Resolución da Alcaldía 653/2024 do 18/12/2024 de xeito que onde di “dez días hábiles”, debe dicir “cinco días hábiles”.

Ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO**

PRIMEIRO.- Corrixir o erro advertido Resolución da Alcaldía 653/2024 do 18/12/2024 de xeito que onde di “dez días hábiles”, debe dicir “cinco días hábiles”.

Transcríbese a seguir o texto corrixido da Resolución de xeito íntegro:

Visto o expediente que se tramita no Concello de Dodro para a cobertura mediante o sistema de concurso de méritos de 2 prazas de conserxe-limpador/a, oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Dodro (publicada no BOP núm. 102 do 31/05/2022 e no DOG núm. 103 do 31/05/2022). As bases foron aprobadas por Resolución da Alcaldía número 675/2022 de 30 de decembro de 2022 e pola Resolución da Alcaldía número 6/2023 de 17 de xaneiro de 2023 de corrección de erros.

O anuncio e as bases xerais e específicas da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o luns 23 de xaneiro de 2023 (BOP núm. 15) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

O anuncio da convocatoria dos procesos selectivos, polo sistema de concurso, correspondentes as prazas de estabilización do emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 13 de marzo de 2023 (DOG núm. 50).

No Boletín Oficial do Estado publicouse a "Resolución de 15 de marzo de 2023, del Ayuntamiento de Dodro (A Coruña), referente a la convocatoria para proveer varias plazas"

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa base 3ª, referida os requisitos das persoas aspirantes, e a base 5ª, referida á presentación de

solicitudes, das bases xerais e tendo en conta as bases específicas de 2 prazas de conserxe-limpador/a, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, de 2 prazas de conserxe-limpador/a, grupo V, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Dodro, incluída na oferta extraordinaria de emprego público do ano 2022.

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 1 OU EQUIVALENTE	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
Janeiro Castiñeiras, María José	***821***	Non	Admitida
Janeiro Castiñeiras, María Mercedes	***821***	Si	Admitida
Rey Fernández, Cristina	***830***	Si	Excluída (1 e 2)

Claves de exclusión:

- 1- Non achega relación de méritos (Base 5.d).
- 2- Os méritos alegados para súa valoración NON están compulsados nin son orixinais (Base 5.d e base 8)

Segundo.- A lista provisional de persoas admitidas e excluídas publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro e na páxina web. As persoas aspirantes excluídas, dispoñen dun prazo de improrrogables de cinco días hábiles seguintes á publicación desta resolución no taboleiro electrónico de anuncios do Concello de Dodro e na páxina web, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos (base 4ª), nos termos do art. 68 da Lei 39/2015.

Terceiro.- As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanen a exclusión ou non aleguen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de admitidos serán definitivamente excluídas da realización das probas.

Documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

A secretaria-interventora, que da fe